

Asinantes	Obxecto	Data da sinatura	Achega de Agader
Agader e Arlinda Lorenzo Martínez	Posta en marcha dunha tenda multiservizo no marco do Plan piloto de tendas multiservizo	3-3-2008	100.000 €

## UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Resolución do 12 de maio de 2008 relativa ás vacacións, licenzas e permisos do persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela.*

Normas recentes, como a Lei 7/2007, do estatuto básico do empregado público, estableceron novos dereitos para o persoal ao servizo das administracións públicas. Ademais de dar a coñecer estes novos dereitos, é necesario establecer unhas normas mínimas que fagan compatibles estes dereitos coa organización docente da universidade.

Ademais da habitual participación de profesorado nas comisións encargadas da selección de profesorado noutras universidades, cada vez máis membros do PDI da Universidade de Santiago de Compostela participan en equipos encargados da acreditación de titulacións e profesores, programas de avaliación, e outras cuestións relacionadas coa actividade das axencias oficiais de calidade e acreditación na educación superior. Aproveítase tamén esta resolución para incluír unha regulación mínima respecto da preceptiva autorización para a participación de membros do PDI nestas actividades.

Esta resolución compila as distintas disposicións respecto de vacacións e licenzas e establece unhas normas mínimas para o seu gozo. Así mesmo, esta resolución actualiza e aclara as delegacións de competencias desta reitoría noutros órganos.

Do contido desta regulamentación emitiu informe a representación sindical do PDI.

É polo exposto que esta reitoría

### RESOLVE:

Primeiro.-*Normas xerais.*

1.1. O disposto nesta normativa será de aplicación a todo o persoal docente e investigador da universidade, calquera que sexa o tipo de relación xurídica coas especificidades para cada un recollidas nela.

1.2. Rexeranse polas súas normas específicas as licenzas por incapacidade temporal e de anos sabáticos así como os permisos para realizar funcións sindicais ou de representación do persoal, nos termos que se determine.

1.3. A natureza da función docente e as obrigas persoais que implica fan necesario que as vacacións fóra do mes de agosto e os permisos sexan compati-

bles coa debida atención aos alumnos. É por iso que para a concesión de permisos e licenzas, así como para o gozo de vacacións fóra do mes de agosto, outro profesor da área ou departamento deberá asumir as obrigas do profesor de permiso respecto ao alumnado (titorías, corrección de exames, etc.) mediante declaración expresa.

Exclúense desta obriga as licenzas e permisos recollidos nos números 3.5. Licenza por matrimonio, 3.6. Por falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar, 3.9. Para concorrer a exames finais e demais probas definitivas de aptitude, 3.10. Licenzas e permisos relacionados coa maternidade, adopción e acollemento, 3.11. Redución de xornada por coidado de familiares e 3.12. Permiso por razón de violencia de xénero sobre a muller, desta normativa.

1.4. O período no que se gocen as vacacións, a concesión de licenzas en xeral, e en concreto, as licenzas por razóns de estudos e asuntos propios subordinarase ás necesidades do servizo.

Salvo causa xustificada, os días de vacacións fóra do mes de agosto así como os permisos aos que se teñan dereito deberán gozarse dentro dos períodos non lectivos e os vacacionais do alumnado.

1.5. Os cambios de vacacións así como os permisos e licenzas deberán solicitarse cunha antelación de 15 e 10 días respectivamente. O incumprimento deste prazo poderá dar lugar á denegación da solicitude, sen prexuízo do disposto no punto 7.

1.6. Delégase nos decanos e directores de centros a concesión de:

-Licenzas e permisos previstos nos números 3.1. Permiso por asuntos particulares, 3.6. Por falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar, 3.7. Por traslado de domicilio sen cambio de residencia e 3.9. Para concorrer a exames finais e demais probas definitivas de aptitude desta resolución.

-Licenzas por estudos ou investigación por un período máximo que non exceda dos sete días hábiles por ano.

-Días de vacacións aos que se teña dereito e que excedan os 22 hábiles sempre que se engadan ao mes de agosto sen discontinuidade, ben ao comezo ben ao remate.

Para a concesión das licenzas delegadas en decanos e directores é preceptivo, ademais do requisito establecido no punto 3, o informe favorable do departamento correspondente.

Os demais permisos e licenzas, así como o cambio de vacacións, serán autorizados pola vicerreitora de Profesorado e Organización Docente. A firma destas autorizacións respecto dos profesores con destino no campus de Lugo delégase na vicerreitora adxunta de Oferta e Xestión Académica do Campus de Lugo.

1.7. Sen prexuízo doutras medidas que puidesen adoptarse e conforme o disposto no artigo 30.1º da Lei 7/2007, a parte da xornada non realizada por ausencia inxustificada dará lugar á dedución proporcional de haberes, que non terá carácter sancionador.

1.8. O motivo do dereito á licenza ou permiso recollido no número terceiro deberase acreditar, en xeral, no momento de solicitarse, salvo que pola propia natureza do feito só poida xustificarse despois.

Exclúense da necesidade de xustificación os permisos e licenzas recollidos nos puntos 3.1. Permiso por asuntos particulares, 3.2. Licenza por asuntos propios e 3.4. Licenza para perfeccionamento docente.

1.9. A participación en tribunais e comisións de selección de persoal, paneis de expertos ou calquera outra comisión ou órgano colexiado da administración educativa, incluíndo os tribunais xulgadores de prazas noutras universidades e as comisións e equipos das axencias de calidade e acreditación requiren previa autorización reitoral, conforme se regula no punto 3.13 desta resolución. Salvo que a autorización non dispoña outra cousa en función da actividade que se vai desenvolver, esta participación non dará lugar a ningún tipo de indemnización ou retribución por parte da USC.

#### Segundo.-*Vacacións.*

2.1. O persoal docente e investigador ao servizo da USC terá dereito como mínimo durante cada ano natural a unhas vacacións retribuídas de vinte e dous días hábiles, ou dos días que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizo durante o ano foi menor. Para estes efectos, non se considerarán como días hábiles os sábados.

Así mesmo, terase dereito a un día hábil adicional ao cumprir quince anos de servizo, engadíndose un día hábil máis ao cumprir os vinte, vinte e cinco e trinta anos de servizo, respectivamente, ata un total de 26 días hábiles por ano natural.

2.2. O período de vacacións do PDI será, con carácter xeral, durante o mes de agosto. Respecto ao cambio de período vacacional, só se aceptarán os cambios solicitados cunha antelación mínima de 15 días que estean debidamente xustificadas e sempre que emitise informe favorable o departamento e centro respectivos.

2.3. Cando o período de vacacións coincida cunha incapacidade temporal derivada do embarazo, parto ou lactación natural, ou co permiso de maternidade, ou coa súa ampliación por lactación, a nai terá dereito a gozar das vacacións en data distinta, aínda que termine o ano natural ao que correspondan. Terá o mesmo dereito quen estea gozando do permiso de paternidade. O novo período de vacacións deberá solicitarse previamente.

#### Terceiro.-*Permisos e licenzas.*

3.1. Permiso por asuntos particulares. Sen prexuízo do que estableza o convenio colectivo para o persoal suxeito a réxime laboral, o persoal docente e investigador ao servizo da USC ten dereito a 6 días de permiso ao ano por asuntos particulares sen xustificación, que non poderán acumularse ás vacacións.

Así mesmo, terán dereito a dous días adicionais ao cumprir o sexto trienio, incrementándose nun día adicional por cada trienio cumprido a partir do oitavo.

O permisos recollidos neste número gozaranse, preferentemente, fóra das xornadas docentes do profesor.

3.2. Licenza por asuntos propios. Poderán concederse licenzas por asuntos propios sen retribución sempre que a duración acumulada non exceda de tres meses cada dous anos.

3.3. Licenza para os efectos de docencia e investigación. Poderanse conceder licenzas por estudos para realizar actividades docentes ou investigadoras vinculadas a unha universidade, institución ou centro, nacional ou estranxeiro, no marco das dispoñibilidades orzamentarias.

Esta licenza debe ter relación directa co ámbito docente e investigador do solicitante, podendo denegarse de non xustificarse tal extremo.

As retribucións que percibirán serán as que se viñan percibindo cando a duración da licenza por estudos sexa inferior a tres meses.

Cando as devanditas licenzas sexan dunha duración superior a 3 meses e inferior a un ano, recoñecerase ata o 80 % das retribucións que se viñan percibindo, en atención, así mesmo, ao interese científico e académico do traballo que se vai realizar.

As licenzas para períodos superiores a un ano ou as sucesivas que, sumadas ás xa obtidas durante os cinco últimos anos, superen o devandito período, non darán lugar ao recoñecemento de ningunha retribución. Para este último cómputo non se terán en conta as licenzas que non excedan de dous meses.

Con carácter xeral, as retribucións durante as licenzas para os efectos de docencia e investigación son compatibles coas axudas e subvencións que puidesen concederse.

3.4. Licenza para perfeccionamento docente. Quen, polo menos durante dezaoito meses, permaneza ausente da docencia ou da investigación por causa de enfermidade, accidente, comisión de servizos para unha entidade non académica ou en situación de servizos especiais, terá dereito a gozar dunha licenza para dedicarse a tarefas de perfeccionamento docentes e investigadoras, por un tempo non superior a tres meses, durante os cales recibirá a

totalidade das retribucións que percibiría estando no réxime de dedicación ao que estivese acollido.

3.5. Licenza por matrimonio. Terase dereito a unha licenza de 15 días naturais por matrimonio.

Para estes efectos, a convivencia de feito acreditada legalmente asimilárase ao matrimonio.

3.6. Por falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar. Por falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, tres días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade, e cinco días hábiles cando sexa en distinta localidade. Para o persoal laboral, a licenza será de 4 ou 5 días respectivamente.

Cando se trate do falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade, o permiso será de dous días hábiles cando se produza na mesma localidade e de catro días hábiles cando sexa en distinta localidade. Para o persoal laboral, a licenza será de 3 ou 5 días respectivamente.

3.7. Por traslado de domicilio sen cambio de residencia. Terase dereito a un permiso de 1 día por traslado de domicilio sen cambio de residencia.

3.8. Permisos por un deber persoal e inescusable e deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral. Poderase conceder permiso polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal e por deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral.

3.9. Para concorrer a exames finais e demais probas definitivas de aptitude. Terase dereito a un permiso durante os días da súa celebración.

3.10. Licenzas e permisos relacionados coa maternidade, adopción e acollemento.

3.10.1. Para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto polas mulleres embarazadas.

3.10.2. Por lactación dun fillo menor de doce meses terase dereito a unha hora de ausencia do traballo que se poderá dividir en dúas fraccións. Este dereito poderá substituírse por unha redución da xornada normal en media hora ao comezo e ao final da xornada ou, nunha hora ao comezo ou ao final da xornada, coa mesma finalidade.

Este dereito poderá ser exercido indistintamente por un ou outro dos proxenitores, no caso de que ambos os dous traballen. Igualmente, a nai poderá solicitar a substitución do tempo de lactación por un permiso retribuído que acumule en xornadas completas o tempo correspondente.

Este permiso incrementarase proporcionalmente nos casos de parto múltiple.

3.10.3. Por nacemento de fillos que deban permanecer hospitalizados a continuación do parto. A nai ou o pai terán dereito a ausentarse do traballo durante un máximo de dúas horas diarias percibindo as retribucións íntegras.

Así mesmo, terán dereito a reducir a súa xornada de traballo ata un máximo de dúas horas, coa diminución proporcional das súas retribucións.

3.10.4. Permiso por parto. Terá unha duración de dezaseis semanas ininterrompidas. Este permiso ampliarase en dúas semanas máis no suposto de discapacidade do fillo e, por cada fillo a partir do segundo, nos supostos de parto múltiple. O permiso distribuirase a opción da nai sempre que seis semanas sexan inmediatamente posteriores ao parto. En caso de falecemento da nai, o outro proxenitor poderá facer uso da totalidade ou, se é o caso, da parte que reste de permiso.

Non obstante o anterior, e sen prexuízo das seis semanas inmediatas posteriores ao parto de descanso obrigatorio para a nai, no caso de que ambos os proxenitores traballen, a nai, ao iniciarse o período de descanso por maternidade, poderá optar por que o outro proxenitor goce dunha parte determinada e ininterrompida do período de descanso posterior ao parto, ben de forma simultánea ou sucesiva co da nai. O outro proxenitor poderá seguir gozando do permiso de maternidade inicialmente cedido, aínda que no momento previsto para a reincorporación da nai ao traballo esta se atope en situación de incapacidade temporal.

Nos casos de gozo simultáneo de períodos de descanso, a suma deles non poderá exceder das dezaseis semanas ou das que correspondan en caso de discapacidade do fillo ou de parto múltiple.

Este permiso poderá gozarse a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan, e nos termos que regulamentariamente se determinen.

Nos casos de parto prematuro e naqueles en que, por calquera outra causa, o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto, este permiso ampliarase en tantos días como o neonato se atope hospitalizado, cun máximo de trece semanas adicionais.

Durante o gozo deste permiso poderase participar nos cursos de formación que convoque a Administración.

3.10.5. Permiso por adopción ou acollemento. Tanto preadoptivo como permanente ou simple terá unha duración de dezaseis semanas ininterrompidas. Este permiso ampliarase en dúas semanas máis no suposto de discapacidade do menor adoptado ou acollido e por cada fillo, a partir do segundo, nos supostos de adopción ou acollemento múltiple.

O cómputo do prazo contarase a elección do membro do PDI, a partir da decisión administrativa ou

xudicial de acollemento ou a partir da resolución xudicial pola que se constituía a adopción sen que en ningún caso un mesmo menor poida dar dereito a varios períodos de gozo deste permiso.

No caso de que ambos os dous proxenitores traballen, o permiso distribuirase a opción dos interesados, que poderán gozalo de forma simultánea ou sucesiva, sempre en períodos ininterrompidos.

Nos casos de gozo simultáneo de períodos de descanso, a suma deles non poderá exceder das dezaseis semanas ou das que correspondan en caso de adopción ou acollemento múltiple e de discapacidade do menor adoptado ou acollido.

Este permiso poderá gozarse a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan, e nos termos que regulamentariamente se determine.

Se fose necesario o desprazamento previo dos proxenitores ao país de orixe do adoptado, nos casos de adopción ou acollemento internacional, terase dereito, ademais, a un permiso de ata dous meses de duración, percibindo durante este período exclusivamente as retribucións básicas.

Con independencia do permiso de ata dous meses previsto no parágrafo anterior e para o suposto recollido no devandito parágrafo, o permiso por adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, poderá iniciarse ata catro semanas antes da resolución xudicial pola que se constituía a adopción ou a decisión administrativa ou xudicial de acollemento.

Durante o gozo deste permiso poderase participar nos cursos de formación que convoque a Administración.

Os supostos de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, previstos neste artigo serán os que así se establezan no Código Civil ou nas leis civís das Comunidade Autónoma de Galicia que os regulen, debendo ter o acollemento simple unha duración non inferior a un ano.

3.10.6. Permiso de paternidade polo nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: terá unha duración de quince días, a gozar polo pai ou o outro proxenitor a partir da data do nacemento, da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da resolución xudicial pola que se constituía a adopción.

Este permiso é independente do gozo compartido dos permisos recollidos nos apartados 3.10.4 e 3.10.5.

Nos casos previstos nos números 3.10.4., 3.10.5. e 3.10.6., o tempo transcorrido durante o gozo destes permisos computarase como de servizo efectivo para todos os efectos, garantíndose a plenitude de dereitos económicos da interesada e, se é o caso, do outro proxenitor, durante todo o período de duración do permiso, e, se é o caso, durante os períodos posteriores ao gozo deste se, de acordo coa normativa aplicable, o

dereito a percibir algún concepto retributivo se determina en función do período de gozo do permiso.

Os que fagan uso do permiso por parto ou maternidade, paternidade e adopción ou acollemento terán dereito, unha vez rematado o período de permiso, a reintegrarse ao seu posto de traballo nos termos e nas condicións que lles resulten menos desfavorables ao gozo do permiso, así como a beneficiarse de calquera mellora nas condicións de traballo ás que puidesen ter dereito durante a súa ausencia.

### 3.11. Redución de xornada por coidado de familias

a) Por razóns de garda legal, cando quen teña o coidado directo dalgún menor de doce anos, de persoa maior que requira especial dedicación, ou dunha persoa con discapacidade que non desempeñe actividade retribuída, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións que corresponda.

b) Terá o mesmo dereito quen precise encargarse do coidado directo dun familiar, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade, accidente ou enfermidade non poida valerse en por si e que non desempeñe actividade retribuída.

c) Por ser preciso atender o coidado dun familiar de primeiro grao, terase dereito a solicitar unha redución de ata o cincuenta por cento da xornada laboral, con carácter retribuído, por razóns de enfermidade moi grave e polo prazo máximo dun mes. Se houberse máis dun titular deste dereito polo mesmo feito causante, o tempo de gozo desta redución poderase ratear entre eles, respectando en todo caso, o prazo máximo dun mes.

3.12. Permiso por razón de violencia de xénero sobre a muller. As faltas de asistencia das mulleres vítimas de violencia de xénero, totais ou parciais, terán a consideración de xustificadas polo tempo e nas condicións en que así o determinen os servizos sociais de atención ou de saúde segundo proceda.

Así mesmo, as vítimas de violencia sobre a muller, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito de asistencia social integral, terán dereito á redución da xornada con diminución proporcional da retribución, ou a reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que sexan aplicables, nos termos que para estes supostos estableza a Administración pública competente en cada caso.

3.13. Participación en comisións de selección de persoal doutras institucións, actividades relacionadas coas axencias oficiais de calidade e acreditación da Administración educativa e outras tarefas de natureza asimilable.

A autorización para participar nestas actividades solicitarase ao reitor con antelación suficiente, achegando a invitación ou a proposta de nomeamento así

como o programa ou a declaración sobre a estimación de datas para as que se solicita autorización.

Esta solicitude deberá contar co informe favorable do departamento e a declaración de que as obrigas docentes quedan debidamente cubertas, conforme se establece no punto 3 do número primeiro desta resolución.

*Disposición derogatoria*

Coa entrada en vigor da presente resolución quedarán sen efecto todas as normas que se opoñan ao disposto nela.

*Disposición derradeira*

Esta resolución terá efectos a partir da data do rexistro de saída.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2008.

Senén Barro Ameneiro

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

*Resolución do 3 de xuño de 2008, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia (grupo A), convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007.*

Nas sesións que tiveron lugar os días 2 e 3 de xuño de 2008, o tribunal nomeado pola Orde do 9 de abril de 2008 (DOG número 72, do 15 de abril) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia (grupo A), convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (DOG número 7, do 10 de xaneiro de 2008), e de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.-Modificar no modelo de respostas publicado a contestación ás preguntas número 64, 104, 109 e 114 do primeiro exercicio, de maneira que as respostas correctas son as letras c), b), b) e b) respectivamente.

Segundo.-Anular, con base nas alegacións presentadas, a pregunta número 24, que pasa a ser substituída pola pregunta de reserva número 121.

De conformidade co disposto na base II.1.4.6 da convocatoria, contra este acordo poderá interpoñerse recurso de alzada conforme o previsto nos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro.-Desestimar, na súa totalidade, as restantes reclamacións e alegacións presentadas.

Cuarto.-Que, de acordo co establecido na base II.1.1.1 da orde da convocatoria e na Resolución do 21 de abril de 2008 (DOG nº 82, do 29 de abril), o número total de respostas acertadas para obter a cualificación de aprobado (10 puntos) é de sesenta e tres (63).

Quinto.-Realizar os trámites oportunos para publicar as puntuacións obtidas polos/polas aspirantes que se presentaron ao primeiro exercicio do proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia (grupo A), no auditorio do recinto da Feira Internacional de Silleda, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na páxina web da Xunta de Galicia ([www.xunta.es](http://www.xunta.es)).

Sexto.-Que, de acordo co disposto na base II.1.1.1 da orde da convocatoria, os aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas en relación coas puntuacións no prazo de 10 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Séptimo.-O segundo exercicio da fase de oposición terá lugar o día 23 de xuño de 2008 no auditorio do recinto da Feira Internacional de Silleda, en chamado único que se iniciará ás 16.30 horas.

En relación co disposto na base II.1.1.2 da convocatoria, para a realización deste exercicio os/as aspirantes poderán ir provistos de textos legais sen comentarios, entendéndose por tales as explicacións que se refiran a interpretacións doutrinarias ou xurisprudenciais do precepto comentado. Exclúense, en todo caso, os libros de consulta.

Oitavo.-Os/as aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.

No recinto onde se realice o exercicio non se permitirá o acceso ou a tenza de teléfonos móbiles, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico, ou calquera outro material ou instrumento do que se poida valer o/a aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Advírtese que non haberá servizo de recollida de teléfonos móbiles.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2008.

Joaquín Macho Canales  
Presidente do tribunal